


ENCRUCILLADO DE ELECTRICIDADE



Horizontal

3. Nome do condutor que nos circuitos leva o color azul claro.
10. Unidade da diferenza de potencial ou tensión eléctrica.
12. Magnitude eléctrica que se define pola oposición dun material ó paso da corrente eléctrica polo seu interior.
13. Aparato que une compoñentes con estaño.
14. Aparato que transforma enerxía eléctrica en luz
17. Aparato co que se poden facer varias medidas eléctricas.
18. Elemento dun circuito eléctrico que protexe contra cortocircuitos.
19. Nome dun famoso coche eléctrico que coincide co apelido do inventor do motor eléctrico de corrente alterna.

Vertical

1. Aparato para conectar receptores a distancia mediante un sinal eléctrico.
2. Unidade de potencia eléctrica.
3. Nunha batería temos o polo positivo e o outro é o como sempre diría Van Gaal.
4. Elemento químico co que se fan a maioría dos compoñentes electrónicos
5. Elemento para conectar un receptor manualmente.
6. Aparato que transforma a enerxía eléctrica que recibe en enerxía mecánica de movemento.
7. Elemento para captar sinais de radio ou televisión.
8. Material que ofrece pouca dificultade ó paso da corrente eléctrica.
9. Apelido do inventor estadounidense que fabricou a primeira lámpada con filamento de carbón.
11. Abreviaturas dos dous tipos de corrente eléctrica que tamén é o nome dun famoso grupo de rock australiano.
15. Elemento que conduce nun só sentido.
16. Sinal eléctrico que so posúe dous valores, un alto e un baixo.

Equipo de MEDIACIÓN

EDUCATIVA Porta da Auga

Adrián López López
Membro do Equipo de Mediación

No curso 2017-2018 conformouse a Comisión de Convivencia no noso centro co obxectivo de tratar de mellorar, na medida do posible, as relacións que se establecen en-tre todas as persoas que formamos parte da comunidade educativa. Un dos aspectos nos que se estivo a traballar dende o comezo foi o de tratar de incrementar a formación, tanto dos docentes coma do alumnado, en temas relacionados coa intelixencia emocional e as habilidades comunicativas. Dende a Comisión de Convivencia cremos que **a solución máis axeitada para a resolución pacífica dos conflitos e aquela que aboga polas vías dialogadas.**

A mediación educativa constitúese como unha estratexia para a resolución de conflitos na que **unha terceira persoa, a/o medidora/or, axudará ás partes a chegar a un acordo no que ambas saian beneficiadas.** Cómpre sinalar neste proceso a figura da persoa ou persoas que cumpren o rol de mediadores, que **non propoñerán a solución aos conflitos** en ningún caso, **senón que a súa labor só se limitará a facilitar a comunicación entre as partes, sendo estas as verdadeiras protagonistas na re-solución do conflito.** A finalidade é que se poida chegar a un acordo equilibrado no que ambas partes se consideren satisfeitas coa resolución do conflito e onde non existan vencedores e vencidos.

No presente curso lectivo 2018-2019 levouse a cabo por primeira vez no CIFP Porta da Auga unha **formación de mediadoras e mediadores educativos**, un grupo formado por alumnado e profesorado que recibiron unha formación específica para poder axudar a diferentes membros da comunidade educativa a resolver os seus conflitos a través da comunicación e dunha forma pacífica e respetuosa. Nos vindeiros cursos proseguirase con esta formación coa intención de proporcionar un novo servizo educa-

tivo dende o propio centro, onde o propio alumnado sexa o protagonista na xestión e resolución dos conflitos que lle afectan.

O curso impartíuse durante a primeira avaliación, entre os meses de novembro e decembro de 2018. Consistiu nunha formación teórico-práctica na que o alumnado aprendeu a identificar os diferentes estilos comunicativos e as súas características fundamentais, así como tamén algunhas das técnicas de comunicación asertiva que nos axudan a resolver os conflitos de xeito constructivo, sempre coa referencia da mediación como técnica de resolución pacífica de conflitos, sobre a que se traballou con actividades prácticas a través das técnicas de role-playing e video-forum (vimos a película "Diarios de la calle"). **O tipo de contidos que se traballan dende o curso ten aplicacións tanto na vida profesional e académica como na persoal. Incrementar as nosas habilidades sociais e convertirmos en persoas socialmente máis competentes, capaces de dirixir as nosas condutas e interpretar as dos demais,** é un aspecto que garante non só o noso benestar persoal senón tamén que proporciona moitas ferramentas e estratexias de comportamento de cara a actividade profesional.

O peche das 15 horas de formación fíxose a través dunha xornada de convivencia entre todxs os membros do equipo de mediación que remataron o curso, na que disfrutamos facendo algunhas actividades deportivas e lúdicas no Activity Center de Burela; escalada, karaoke, tiroliña e pelexa de sumos. Finalmente disfrutamos dun xantar todxs xuntxs preto do peirao de Burela na Parrillada de Jandro. Calquera novo/a membro será benvido/a ao equipo de mediación nos vindeiros cursos, contamos convosco!!!

COLABORACIÓN DO ALUMNADO DE EDUCACIÓN INFANTIL NO CORRELINGUA 2019

Profesorado de 1º curso de Ciclo Superior de Educación Infantil



Un ano máis, respondendo á invitación do Correlingua na Mariña de Lugo, o alumnado de 1º cursos do Ciclo Superior de Educación Infantil colaborou na celebración desa acti-

vidade en defensa da lingua galega, celebrada este ano en Ribadeo o 7 de maio, e na que participaron alumnas e alumnos de colexios e institutos da comarca.

O labor do alumnado do ciclo de Infantil consistiu no **coidado e na realización de actividades de xogo e socialización cun grupo de arredor de 200 nenas e nenos de colexios de Ribadeo, San Miguel de Reinante, Foz e Cervo. A organización da carreira comunicounos o seu agradecemento e procedeu a entregar o correspondente diploma acreditativo a todas as alumnas e alumnos que colaboraron.**

Valoramos positivamente esta actividade na que o noso alumnado soubo dinamizar un importante grupo de nenos de idades moi similares ás de aqueles cos que se van relacionar no seu futuro profesional como educadores/as.



O CONFLITO

Adrián López López
Profesor do Departamento
de Servizos á Comunidade

Quen non discutiu algunha vez coa súa parella? Quen non insultou ou recibiu un insulto doutra persoa? Quen non tivo unha liorta no patio do colexio, ou incluso na casa cun irmán? **O conflito é algo inherente á condición humana.** As discrepancias, os enfrontamentos, as discusións, os insultos ou as pelexas poden xurdir en calquera momento nun contexto no que convive un grupo de persoas, máis ou menos amplo, independentemente da súa idade, procedencia cultural e condición social ou ideoloxía.

Segundo Torrego, podemos entender o conflito como: “Un proceso en que dúas ou máis partes entran en oposición ou desacordo porque as súas posicións, intereses, necesidades, desexos ou valores son incompatibles ou son percibidos como incompatibles e onde as emocións e sentimentos xogan un papel moi importante.”

Partindo da definición anterior podemos afirmar que **o conflito forma parte, en maior ou menor medida, da vida de todas as persoas.** É importante ter en conta esta premisa para botar unha ollada ao conflito dende unha perspectiva diferente, non debemos considerar unicamente estas situacións dende un punto de vista negativo. Malia que é certo que a gran xeneralidade das persoas non disfrutan das situacións conflitivas, e de que non é agradable vivilas, hai que recalcar a relevancia que poden chegar a ter estas situacións dende un punto de vista pedagóxico.

Nos contextos educativos, nos centros escolares, ao igual que en moitas outras institucións e incluso en ámbitos da vida privada e cotiá, **as persoas mantemos diferentes puntos de vista sobre a realidade, temos diferentes intereses e necesidades e, en moitas ocasións, estes chocan de xeito directo cos das outras persoas. Neste punto non é doado evitar o conflito.** Con compañeirxs de traballo, compañeirxs de clase, coa parella ou con ami-gos, coa nosa familia, etc. Pódese dicir que pouco a pouco na nosa vida se van amoreando situacións conflitivas de maior e menor intensidade, ás que non sempre facemos fronte dunha forma axeitada e, polo tanto, a resolución das mesmas e as consecuencias derivadas delas soen ser desagradables (distanciamentos, malos entendidos, descalificacións e insultos, bulos, pelexas, etc). Neste senso é onde debemos ir máis aló e ver o potencial educa-

tivo que teñen todas estas accións que forman parte da nosa vida cotiá e que non se planifican de antemán, simplemente xorden, porque forman parte da nosa esencia como persoas e do día a día nas nosas vidas. É nese intre que **debemos aprender a identificar formas erróneas de comportamento, condutas que son perxudiciais para a convivencia, para poder identificalas e tratar de construír outras novas que poidan mellorar o xeito en como nos relacionamos coas persoas que nos rodean.**

Mellorar a cantidade e, sobre todo, a calidade das relacións sociais que cada un/unha de nós ten, pasa por unha mellora das nosas habilidades sociais. Como nos diriximos aos demais; as palabras que seleccionamos, o xeito en como as transmitimos, o ton de voz, a ironía, a linguaxe corporal, etc, xenera un impacto diferente no noso interlocutor/a en función das habilidades sociais que amo-semos ao comunicarnos. **Coñecer cales son os estilos comunicativos máis axeitados e facer un esforzo por levar a cabo aquelas condutas que se consideren máis asertivas revertirá nunha mellora das nosas relacións sociais** e, consecuentemente, na consideración que os demais teñan sobre nós.

Hai persoas que posúen unha facilidade para caer ben e para relacionarse cos demais, pero **as habilidades sociais non son innatas, todxs podemos e debemos facer o esforzo por melloralas.** A forma na que tratamos aos demais di moito de nós mesmxs, en definitiva, definímonos máis por como tratamos aos outros que polo que dicimos, son as nosas accións as que falan por nós, moito máis que as palabras.

En definitiva, **o noso éxito profesional, académico e o noso benestar persoal veranse incrementados na medida que consigamos mellorar a capacidade que temos para relacionarnos coa contorna, aprender a escoitar aos demais, ser respectuosos cas opinións dos outros,** aprender a dar a nosa propia opinión sen vulnerar os dereitos de outras persoas, etc, son as habilidades que nos converterán en mellores persoas e ao mesmo tempo incrementarán a nosa autoestima e sentimento de competencia social, axudándonos a acadar todos aqueles obxectivos que nos propoñamos.

Un lavado correcto de mans é de vital importancia, pois constitúe unha medida eficaz para previr o contaxio de enfermidades. A técnica estándar recomendada pola Organización Mundial da Saúde (OMS) ten unha duración aproximada de 40-60 segundos e é moi sinxela de levar a cabo.

Nas seguintes imaxes pódese observar como se debe realizar.

1. Molle as mans con auga.



2. Deposite na palma da man a cantidade suficiente de xabón para cubrir todas as superficies das mans.



3. Refregue as palmas das mans entre si.



4. Refregue ca palma da man dereita o dorso da man esquerda entrelazando os dedos e viceversa.



5. Refregue as palmas das mans entre si cos dedos entrelazados.



6. Refregue o dorso dos dedos dunha man ca palma da man contraria, agarrando os dedos.



7. Refregue cun movemento rotatorio o polgar esquerdo, atrapándoo coa palma da man dereita e vice-versa.



8. Refregue a punta dos dedos da man dereita contra a palma da man esquerda, facendo un movemento de rotación e viceversa.



9. Aclare as mans con auga.




10. Séquese cunha toalla de usar e tire e aproveite esta para pechar a billa despois.



11. Agora as súas mans están limpas e son seguras.



SERVIZOS Á COMUNIDADE



Horizontal

4. Sistemas Alternativos e Aumentativos da Comunicación.
8. Actividades levadas a cabo co obxectivo de rehabilitar, potenciar, propiciar ou desenvolver unha función determinada.
9. Síndrome –xeralmente de natureza crónica ou progresiva– caracterizado pola deterioración da función cognitiva.
13. Trastornos permanentes do movemento que limitan a actividade, atribuídos a alteracións no desenvolvemento do cerebro do feto.
15. Dificultade na articulación de sons.
16. Xoguetes cunha ou máis esferas, con boliñas no seu interior, unidas a un pequeno mango, que entretén a meniñas e meniños.
18. Perda da capacidade para realizar determinados movementos previamente aprendidos, por unha afectación do sistema nervioso.
19. Concentración de azucre en sangue.
20. Proceso cognitivo que inicia, guía e mantén as condutas orientadas a lograr un obxectivo ou a satisfacer unha necesidade.

Vertical

1. Apelido da pedagoga italiana que puxo en marcha un método educativo que leva o seu nome.
2. Existen autores que a subdividen en grossa e fina. Relaciona a capacidade de movemento do corpo coas funcións cognitivas.
3. Hormona producida polo páncreas, que se encarga de regular a cantidade de glicosa do sangue.
5. Obxecto deseñado para entreter e divertir ás persoas, especialmente ás crianzas.
6. Controlar, afrontar e tomar decisións acerca de como vivir así como de desenvolver as actividades básicas da vida.
7. Condición mediante a que unha contorna é plenamente accesible a todos os individuos, aínda que sufran algunha diversidade.
10. Movementos, posturas ou voces repetitivos ou ritualizados sen un fin determinado.
11. Falta de motivación máis extrema que a apatía.
12. Descenso da frecuencia de contracción cardíaca.
14. Conxunto de signos e síntomas asociados a un cadro clínico determinado.
17. Organización Mundial da Saúde.

ORENDA, unha empresa do Viveiro



O viveiro de empresas do CIFP Porta da Auga comezou a funcionar no curso 2015-2016. Ofrece gratuitamente aos promotores/as dous tipos de servizos:

1- Asesoramento por parte de profesorado, avaliación da viabilidade técnica e económica do proxecto por parte de persoal técnico especialista e titoría polo coordinador/a de emprendemento.

2- Locais adecuados e dotados (mobiliario, equipo informático, internet, fotocopiadora, ...) para o desenvolvemento de actividades en horario acordado co centro

A través do viveiro déuselles cobertura a iniciativas de alumnas/os do CIFP Porta da Auga que hoxe teñen vida empresarial fóra, coma o centro de ocio infantil Con sentidiño do que xa escribimos na última Revista do Porta.

Hoxe tócanos falar con Antía Colorado Blanco, alumna próxima a rematar o Ciclo Superior de Educación Infantil, e que está traballando tamén no seu proxecto de empresa valéndose do viveiro do Porta da Auga.

Revista do Porta.- Cántanos, Antía, que nome lle deches e a que se vai dedicar a túa empresa?

A empresa vaise chamar Orenda, unha palabra dos indios iroqueses de Norte América que significa “o poder da vontade humana para cambiar o mundo.”

Ofrecerá un servizo de charlas sobre diversos problemas existentes nas diferentes etapas educativas, como, por exemplo, o do fracaso escolar, ou sobre ferramentas ou habilidades que precisamos a hora de traballar en grupo... Estarán dirixidas a alumnos e alumnas de 4º de ESO, Bacharelato e Formación Profesional. As charlas estarán preparadas para cada fase do proceso educativo, xa que

non todos os grupos demandan o mesmo nin están pasando polas mesmas situacións.

Os temas que se tratarán serán diferentes segundo o tipo de ensinanzas. Para ESO e bacharelatos pensamos en temas sobre fracaso escolar, elección de estudos, intelixencia emocional..., mentres que no caso da formación profesional estarán máis enfocados a ferramentas e habilidades para o traballo, á parte doutros que vaian xurdindo a través da práctica. A idea é falar sobre algo que ti sintas realmente para poder transmitirlo e conectar cos que te están escoitando. Non serve de nada falar sobre algo no que non cres ou que non entendes, xa que non conseguirás que a xente enganche co tema que estás tratando.

Iniciarei esta empresa dirixíndome, para comezar, aos institutos e centros de formación profesional da Mariña e da provincia de Lugo, intentando ampliar a zona pouco a pouco.

R. do P.- Como se che ocorreu esta idea?

Esta idea naceu do meu propio fracaso escolar e de como a formación profesional me axudou a superalo e volver a conseguir a motivación e as forzas para volver a ter interese por aprender. Sobre todo axudoume a confiar en min mesma e nas miñas posibilidades, algo no que nunca pensara. Unha das miñas titoras de Administración e Finanzas, Yolanda Fernández, coñecía a miña historia e propúxome contarlla a un grupo de rapaces e rapazas de 1º de Bacharelato. Pareceume increíble a empatía que percibín nesa sala, o que me levou a pensar en contar estas historias de fracaso e superación a máis xente.

R. do P.- E a idea de instalarte no viveiro de empresas do Porta da Auga?

A idea foi gracias a Marisol Folgueira, a miña profesora de Formación e Orientación Laboral, quen me animou realizar o soño de construír a miña propia empresa e a solicitar os servizos do viveiro do Porta da Auga.

R. do P.- Que che ofrece o viveiro? Que estás realizando nel e que é o que máis valoras del?

O viveiro ofréceme a opción de seguirme superando e de seguir poñéndome obxectivos e metas, e dáme a opción de seguir pelexando polo que quero, dáme a opción de ser a miña propia xefa... Ademais de ser unha gran axuda para iniciar unha actividade, tanto a nivel de equipamento, xa que teño a miña disposición un lugar onde poder traballar, como a nivel de atención, xa que sempre teño ao redor persoas ofrecéndome axuda e asesoramento.

R. do P.- Que é o que tes feito e que che faltaría para poder empezar a ofrecer os teus servizos? Tes pensada xa algunha data de inicio de actividade?

A idea é iniciar en setembro co comezo do curso escolar 2019/2020. Comezaría a promocionar as charlas que

xa teño organizadas e tamén me interesa solicitar que os centros suxiran temas que crean importantes para traballar cos seus alumnos e alumnas.

R. do P.- Desexas sinalar algo máis sobre o viveiro, sobre a túa iniciativa ou calquera outro aspecto? Non é preciso ter unha gran idea para emprender, cunha pequena idea é suficiente. De feito considero que é preferible comezar por unha pequena idea e ir medrando pouco a pouco coa experiencia. Así que, aqueles alumnos e alumnas que teñan a opción de colaborar cun viveiro de empresas e que crean que a súa idea pode funcionar deberían polo menos intentalo. É unha experiencia chea de gratificacións, traballo e moito esforzo que merece a pena se tes esa ilusión por ter a túa propia empresa.

R. do P.- Agradécémolle a Antía o tempo que nos dedicou, sendo como é unha persoa moi dinámica e con pouco tempo porque anda metida nun montón de iniciativas. Desexámoslle que lle vaia moi ben nesta súa iniciativa emprendedora que nos acaba de comentar.



UNHA FORMACIÓN EN CENTROS DE TRABAJO INTERESANTE TAMÉN PARA A INICIATIVA EMPRENDEDORA

R. do P.- Antía tamén nos falou moi favorablemente da Formación en Centros de Trabajo (FCT) correspondente ao ciclo formativo que está realizando actualmente, pero deixémola a ela que nos diga en que entidade está, a que se dedica e que destacaría desta estancia formativa.

Estou facendo as prácticas do Ciclo Superior de Educación Infantil na Asociación Educativa “Nenea, medrar creando”, situada a 3 km de Lugo, na parroquia de San Xoán do Alto. Nenea é un proxecto educativo que traballa con nenos e nenas de 2 a 6 anos en contacto coa natureza. Este modelo educativo ao aire libre, asentado xa no norte de Europa, susténtase sobre dous factores: a natureza como contorno educativo e a liberdade do alumno ou alumna para investigar e experimentar

O que me pareceu máis interesante desta asociación foi saber que hai outras maneiras de educar e outras formas de emprendemento como pode ser o emprendemento social, xa que esta asociación nace co fin de crear un tecido social e educativo en torno ao movemento verde que está xurdindo.

R. do P.- Poderías sinalar ou concretar algo máis en aspectos que che chamasen a atención?

Descubrir como o xogo e a actividade física ao aire libre potencian a creatividade e permiten aos nenos e nenas ser máis sociables e cooperativos, ademais crear un ambiente moi estimulante para eles. Estas experiencias achegan numerosos beneficios como unha mellor saúde tanto física coma emocional.

A educación ao aire libre axuda a experimentar dunha maneira directa os propios intereses e inquietudes, fomentando outro tipo de actividades coas que inculcar valores positivos como o respecto, o compañeirismo, a axuda... formando persoas respectuosas co medio am-



biente, con conciencia ecolóxica e que posúen as súas propias estratexias e ferramentas para a vida.

Todas estas experiencias e contactos coa natureza permítelles entender mellor o mundo no que viven e facer que o día de mañá este sexa un mundo mellor.

R. do P.- Do que aprendiches na túa estancia en Nenea, que é o que pensas que che pode ser máis de utilidade para Orenda, a túa iniciativa emprendedora na que estás traballando?

Aprendín que hai moitos tipos de emprendemento, e que tes que formarte e mellorar como persoa constantemente para ser mellor profesional; aprendín tamén a observar todos os detalles que non ves normalmente, e a ser máis precavida para poder sortear obstáculos dunha forma máis planificada; aprendín a ser máis consciente do poder da ilusión e do asombro, xa que con el conseguín as forzas para atreverme a emprender; aprendín a aprender e a desaprender, para poder mellorar todos os días.



“A sorte é o lugar onde a oportunidade se encontra coa preparación”

MODESTO GÓMEZ

O Sr. Modesto Gómez é o xefe da súa propia empresa ENXEÑO GALICIA adicada sobre todo ao campo do mar-keting que o día 23 de abril estivo no CIFP Porta da Auga para impartir a charla “PERSEGUINDO A TÚA META PROFESIONAL”, na que se trataron diversos aspectos referidos á contratación laboral nas empresas.

Modesto falounos da súa experiencia á hora de encontrar traballo, xa que el dedícase a seleccionar candidatos/as para traballar en empresas. Deunos tamén unhas pautas a seguir á hora de elaborar un currículo, e recalcou a importancia que lle dan as empresas á puntualidade, á imaxe e á forma de expresarse. Ao terminar a charla, tive-mos o pracer de realizarlle as seguintes preguntas sobre como abrir as portas do mundo laboral:

Que hai que facer para encontrar traballo?

Para encontrar traballo o primordial é a actitude, poñer ganas no teu traballo día a día aínda que non sexa a túa vocación, xa que o esencial é amar aquilo que fas. Na vida non todo o mundo ten a oportunidade de exercer de primeiras a súa vocación senón que ten que andar por outros camiños ata chegar a ela. Destaco en toda a súa amplitude a palabra ACTITUDE para a busca de emprego

Se o seu soño era ser médico, por que foi por outro camiño en vez de elixir a opción de estudar medicina?

Eu soñaba con estudar medicina pero no seu momento

non puideren entrar na carreira por falta de nota. Esa foi a razón principal pola que rematei estudando economía, estudos cos que a día de hoxe se relaciona o meu traballo, no que considero que está o meu sitio e é a miña verdadeira vocación.

Pensa que é importante a foto nun currículo?

Persoalmente considero que si, xa que a primeira impresión está na imaxe. Á hora de presentar un currículo a unha empresa debemos facelo de xeito que a imaxe que transmitamos de nós mesmos sexa acorde coa que busca a empresa para si mesma.

Como cre que debería ir vestida unha persoa a unha entrevista?

Cando unha persoa vai a unha entrevista de traballo ten que ter claro a que empresa vai, xa que existen moitos tipos de empresas e moitas empresas e cada unha delas ten un perfil diferente. Se o teu estilo e a túa personalidade non é acorde coa empresa, deberías darte conta de que ao mellor ese non é o teu sitio. Tamén se teñen en conta outros aspectos como os xestos e as palabras. Como experiencia persoal podo dicir que un dos aspectos no que eu tamén me fixo é a expresión corporal da persoa á que entrevisto, xa que esta nos vai indicar moitos detalles relevantes.

Vaia o noso agradecemento para Modesto Gómez, tanto pola súa charla e por respondernos a estas preguntas.

ENTREVISTA

FCT estranxeiro

Dánae e Daniel son dous alumnos de Ciclo Superior de Educación infantil e de Ciclo Superior de Automoción, respectivamente, que neste terceiro trimestre de curso se encontran realizando a súa Formación en Centros de Traballo (F.C.T.) no estranxeiro en virtude dun proxecto Erasmus presentado polo CIFP Porta da Auga.



Revista do Porta.- Concretamente, poderíades indicar-nos con máis precisión onde estades?

Dánae.- Eu estou nunha rede de escolas chamada San Luigi en Malta. Dedicáanse ao coidado de nenos e nenas entre 0 e 3 anos. Estaba nunha das escolas, preto de casa, pero pecharon por reformas e mandáronme a outra escola máis lonxe.

Daniel.- Estou nun taller de servizo Bosch en Warendorf, en Renania do norte-Westfalia (Alemaña), chamado "Bosch Service Salvatore Amato".

R. do P.- Que foi o que vos animou a desprazarvos fóra facer a FCT, lonxe da vosa zona de confort, da vosa familia, amigos ...?

Dánae.- A min o que máis me motivou foi a posibilidade de entrar en contacto con outras formas de ver as cousas, ver sitios novos e aprender todo o que poida para o meu futuro laboral. Aínda que as cousas non son nada fáciles, podo dicir que estou aprendendo bastante en moitos aspectos.

Daniel.- Mólame viaxar e ver cousas distintas. Xa fixera un Erasmus en Italia e paseino ben, así que apetecíame repetir. Ademais, sempre queda ben no currículo.

R. do P.- Agora xa levades aí arredor de mes e medio: foron difíciles os comezos? resulta difícil a aclimatación?

Dánae.- O inicio resultou moi duro, xa que a educación en Malta non se asemella á española. Ou polo menos neste centro as cousas non son como as pintaban. Malia iso, dou o mellor de min e xunto coas miñas compañeiras tratamos de que os nenos se leven una experiencia o máis enriquecedora posible cos recursos dos que dispoñemos.

Daniel.- O idioma alemán é imposible, o cal dificulta un pouco as viaxes e o trato cos clientes (e coa caseira, que só fala alemán), pero saber inglés facilita moito as cousas. No traballo non hai moito problema porque tres dos meus compañeiros son italianos e un é galego; máis fácil non me puido tocar! Aparte diso non tiven moito problema en afacerme e no taller non se traballa de xeito moi distinto ao que estaba acostumado.

R. do P.- E indo ao grao, que actividades estades facendo na empresa?

Dánae.- No meu caso eu coido dos nenos, intento que experimenten coas cousas que temos a man, xogo con eles, proporciónolles os coidados que necesitan durante a súa estancia na escola (comida, muda de cueiros...) e intento que sexan felices e aproveiten ao máximo a etapa na que se atopan.

Daniel.- O primeiro mes cambios de rodas a mazo, aquí neva no inverno e coa primavera todo o mundo cambia a pneumáticos de verán. Pero déronme confianza rapidamente e déixanme axudar con tarefas máis complicadas como cambios de correas, ou substitucións de xuntas; e incluso amañarme eu só con algunhas reparacións pequenas.

R. do P.- **Seguramente algo falastes sobre a súa FCT tanto con compañeiras e compañeiros de cursos anteriores como do actual. Pensades que, desde o punto de vista da vosa formación, a FCT que estades facendo vós vos está contribuíndo con algo a maiores sobre á que realizaron elas e eles?**

Dánae.- O que me proporcionou esta experiencia é ter máis capacidade crítica co que me rodea, dado que, como dixen antes, España e Malta son países totalmente distintos, e polo tanto, a maneira de “educar” tamén o é.

Daniel.- Estou aprendendo cousas novas dende logo, pero non creo que aporte gran cousa no que se trata de “coñecemento da materia”. Un coche é igual en Ribadeo que en Berlín, aínda que aquí trabállase máis con marcas alemás e SUVs, xa que abundan máis aquí que en España. O que realmente aporta é o que hai fóra do taller, viaxar e probar cousas que non podes ver en aí, ou o reto de facer un viaxe de fin de semana ti só sen ter controlado o idioma.

R. do P.- **Deixando agora un pouco á marxe o que é formación para o traballo da vosa estancia, seguramente existen outros aspectos que vos chamaron a atención sobre á forma de ser e de comportarse, etc. que puidestes percibir neste tempo fóra. Poderíades comentarnos algo neste sentido?**

Dánae.- Malta como país vacacional está xenial. Ten unha costa preciosa, cousas interesantes que ver... Tamén tes persoas de tódalas nacionalidades e se aproveitadas para falar con esa xente é algo moi enriquecedor. E a quen lle guste a festa, cousa que a min, sinceramente, non moito, vaina ter tódolos días da semana. Mais se tivese que escoller un país para vivir, definitivamente non sería este. O sistema de transporte público é deficiente e caro, os supermercados (polo menos onde eu vivo) teñen prezos prohibitivos... É un país moi caro se ves dun lugar como a Mariña Lucense. Pero teño sorte de ter un caseiro e uns compañeiros de piso xeniais que me animan moito e cos que saio pasear. Así que o balance é positivo, a fin de contas.

Daniel.- A comida é moi moi graxenta, foi o que máis me chamou a atención sinceramente; todo ten un montón de

graxa ou un montón de azucre, ou ambas... e ao igual que en Italia, a xente bebe auga con gas. Unha vez preguntelle a un chaval como podían beber iso e díxome: “Se non levase o gas, sería coma a auga da ducha.” E sinceramente, ante iso non teño resposta.

A zona é completamente chá, nin unha soa montaña ou outeiro. Mola porque podes recorrer moita distancia en bici sen cansarte. Por certo, este pobo está obsesionado cos cabalos, ata o punto de ser sinistro; teñen figuras nos farois, nas estatuas, pintadas nas vivendas, adhesivos nos coches, chaveiros, estantes enteiros de libros sobre equitación...

E por certo, os alemás non son tan estritos nin cuadrículados como din por aí. Son moi alegres e coñecen a arte da retranca; pero é certo que traballan duro e que beben cervexa en cantidade.

R. do P.- **Sen dúbida que traeredes a alforxa cargada de coñecementos, vivencias e anécdotas, pero o tempo da FCT é algo transitorio e pasa rápido. Tedes xa pensado que facer en canto acabe este período formativo?**

Dánae.- Abrazarme á miña familia, aos meus amigos, á miña parella e á miña cama. E tanto se aprobo o proxecto agora como se o remato en decembro, unha vez co título na man dedicareime a buscar traballo disto, probablemente fóra.

Daniel.- Non o teño moi claro a verdade; probablemente buscarei un traballo. Se é fora do país mellor.

R. do P.- **E para finalizar, diríades algo ás compañeiras e compañeiros que realizarán o seu período de FCT no vindeiro curso sobre a posibilidade que se ofrece de realizala no exterior?**

Dánae.- Eu diríalles que, se non hai contratemplos alleos á súa vontade, van ter unha experiencia marabillosa e coñecerán xente e maneiras de facer as cousas que seguro que lles serán útiles na vida dalgunha forma. E que aforren. Moito. As becas en CS son paupérrimas e non chegan a nada.

Daniel.- Animádevos, ides pasalo ben, aprender moitas cousas novas, ver cousas que non esperábadas, e vivir unhas cantas aventuras. Procurade aprender un pouco do idioma antes de ir, aínda que sexa o básico, axudaravos moito.

R. do P.- **Moitas grazas a Daniel e a Dánae, a Dánae e a Daniel, por empregar parte dun tempo limitado, que seguro que están intentando aproveitar a tope, en prestarse a esta entrevista. Desexámoslles o mellor na súa vida profesional e persoal.**



PROXECTO

CORRESPONDENTES XUVENÍS 3.0.



Neste curso 2018-19 lévase a cabo, por primeira vez no noso centro, o proxecto de innovación chamado “**Correspondentes xuvenís 3.0.**”. As alumnas que o levamos a cabo somos de primeiro curso do Ciclo Superior de Administración e Finanzas e, as profesoras participantes, son as que imparten os módulos de Ofimática e o de Comunicación e atención á clientela. Os obxectivos desde proxecto son os seguintes:

- Contribuír a fomentar unha educación en valores para pensar e desenvolver o espírito crítico.
- Xestionar un taboleiro informativo.
- Difundir a información de interese para a mocidade a tra-vés das redes sociais.
- Formar a mocidade na xestión do manexo de información, potenciando as nosas habilidades sociais.

Este proxecto pretende dotar ao centro dunha “antena informativa”, responsabilizándonos o alumnado de recoller a información en materia de xuventude que se nos remite periodicamente desde A Dirección Xeral de Xuventude e de difundila entre o resto do alumnado. Para recibir esta información creamos unha conta de correo electrónico.

Os correspondentes xuvenís, mediante unha formación previa e apoiados polo profesorado participante, **encargá-monos de informar aos demais compañeiros das con-vocatorias, carnés xuvenís, recursos e actividades que poidan ser do noso interese.**

Os correspondentes **xestionamos un taboleiro informativo** no que colgamos información sobre temas do noso interese. Este taboleiro está situado no vestíbulo da porta principal de acceso ao centro, un lugar de paso ben visible para todo o alumnado. O soporte da información son os carteis que os correspondentes elaboramos, en grupo, semanalmente. Debemos manter o taboleiro actualizado e ordenado.

Para elaborar os carteis, os correspondentes recibimos semanalmente da Dirección Xeral de Xuventude, a través do correo electrónico, unha remesa de noticias, das que

seleccionamos aquelas nos parecen máis interesantes para os demais compañeiros. Con cada unha das noticias seleccionadas realizan no ordenador un cartel, coidando o seu deseño, utilizando imaxes, cores e textos vistosos, imprimindo finalmente a cor para que chame máis a atención. Tamén **difundimos os carteis a través das redes sociais**. Para este fin os correspondentes **creamos un perfil en Facebook e outro en Instagram**. Cada cartel elaborado é publicado e compartido a través destas redes para axudar a súa difusión.

A realización deste proxecto serve de apoio, tanto aos módulos de Ofimática, como ao de Comunicación e atención a clientela, porque implica:

- A selección dos carteis que nos parece de máis interese para a mocidade, o que implica un debate previo e unha toma de decisións entre nós, favorecendo o noso traballo en grupo.

ADL
Concello de Ribadeo

ÁREA DE DESENVOLVEMENTO LOCAL DE RIBADEO

Bolsa de emprego

É un servizo dirixido tanto **ás persoas que buscan emprego** como **ás empresas**. Con esta ferramenta ponse en funcionamento unha canle de busca de traballo na que os/as profesionais de Desenvolvemento local de Ribadeo funcionan como mediadores/as entre a oferta e a demanda detectadas no territorio.

Os **demandantes de emprego** que desexen formar parte desta bolsa deberán cubrir o formulario que se atopa na páxina http://ribadeo.gal/interior.php?txt=arbore_web92&lg=es e entregalo na **oficina de Desenvolvemento Local de Ribadeo**, ou ben envíalo ao correo electrónico adlribadeo.org.

As **empresas** que ofrezan postos de traballo deberán facer o mesmo pero cubrindo outro formulario que se encontra na mesma páxina.

CORRESPONDENTES XUVENIS PORTA DA AUGA

- A elaboración dos carteis mediante un programa informático, o que favorece a creatividade e o traballo en grupo.
- A colocación dos carteis nun taboleiro do centro, o que ten que ver coa comunicación interna no centro.
- A xestión dun correo electrónico, tanto para recibir como para enviar información, o que afecta tanto á comunicación interna como á comunicación externa.
- A creación de perfís en redes e publicación dos carteis elaborados, o que ten que ver coa comunicación externa.

Alumnas:

Irene Cela Rego
Lola Díaz Trelles
Katia Goyos Alonso
Nuria Oliveros Antón
Cristina Vizoso Cruz

Profesoras:

Ángeles Ferreiro Leitón
Mónica Cao Rodríguez



ACTIVIDADES do Equipo de Dinamización da Biblioteca

Cristina Varela Otero, Clara Balsa Canel, María Penela Ra-ñón, Ana Miguéns Pérez e Ventura Mon Blach foron os pro-fesores que traballaron dinamizando á biblioteca do CIFP Porta da Auga durante este curso. A eles lles pedimos que nos respondesen a unhas preguntas.

Revista do Porta.- Empezando pola Coordinadora do Equipo, María Penela, que se incorporou despois das vacacións de Nadal... Sabes, María, que o voso traballo se fixo notar á hora de darlle vida á biblioteca?

María.- Foi un traballo que comezou con Cristina Varela, que o coordinou durante o 1º trimestre. De feito o Equipo organizou a Semana das Bibliotecas escolares no centro e puxo a andar o Clube de Lectura, entre outras actividades. O impulso xa proviña de atrás.

R. do P.- Fálanos un pouco do Clube.

María.- É unha das actividades coa que máis desfruto. No 1º trimestre leuse unha banda deseñada, *Engurras*, e houbo unha posta final en común. No 2º semestre lemos Senlleiras e contamos coa presenza da autora, Antía Yáñez, nunha presentación-debate na que fixo unhas achegas moi interesantes.

No Clube participa tanto alumnado como profesorado das distintas familias profesionais, que se incorporan voluntariamente. Compramos varios exemplares, que quedan despois da súa lectura a biblioteca do centro, deixando algún exemplar para sortear entre o alumnado que leu a obra.

R. do P.- Tamén está con nós Ana Miguéns. Segundo o teu criterio, Ana, que actividades destacarías?

Ana.- Houbo varias que contribuíron a visualizar a biblioteca e que son de destacar. Unha delas foi o photocall que xur-di dunha idea de 2º de Educación Infantil, que elaborou un marco de Instagram con enlaces a varios contos e persoas-xes, como Rosalía de Castro.

R. do P.- Sabemos Ventura, que a túa foi tamén unha va-lliosa achega neste equipo, pero cóntanos, cal foi a acti-vidade ca que disfrutaches máis?

Ventura.- A verdade que todas as actividades foron moi satisfactorias, pero quizais a que destacaría sería a que fixen as compañeiras María e Clara, á que chamamos “Escapa como poidas” ou “Scape-Room”, con motivo da celebración do Día de Rosalía de Castro. Pechamos ao alumnado na biblioteca e, para encontrar a saída, tiñan que ir completando

un puzzle e recitar un poema da autora, facendo uso das distintas pistas que se lles proporcionaban.

Contábamos con realizar a actividade un só día e, en realidade, tivo tanto éxito que tivemos que estala repetindo durante dúas semanas.

R. do P.- Atraveríadesvos a realizar unha valoración xeral do obxectivo xeral do cumprimento do obxectivo dinamizador, ou sexa, do aumento real do uso da biblioteca? **Ana.-** Creo que si. Ademais de fomentar a lectura a través do Clube e das actividades que se programaron, chegouse a crear un espazo de convivencia, de intercambio de opinións, algo moi en relación coa concepción actual do que debe ser unha biblioteca.

Empregamos tamén as redes e Instagram, unha forma de facer que a biblioteca traspase o seu recinto.

Pero non esquecemos que a nosa é a biblioteca dun centro de formación profesional, onde o obxectivo principal do alumnado é a capacitación para o traballo. Neste sentido estamos, en colaboración coas distintas familias profesionais, dotándoa de máis volumes de contido profesional, e estamos intentando mellorar a disposición de equipos informáticos a disposición do alumnado, para uso en actividades formativas.

Empezamos tamén a realizar outras actividades concretas en colaboración coas distintas familias profesionais. Así realizouse a exposición dos materiais creados pola empresa Autoart en colaboración coa familia de Automoción, ou a actividade de concienciación no Día do Autismo, en colaboración con toda a comunidade educativa.

R. do P.- Ademais de continuar nesta liña de traballo, pensastes en algunha outra idea cara ao futuro?

María.- Esperamos que no futuro poida haber unha continuidade de varias persoas no equipo, o que facilitaría, sen dúbida, as cousas. Unha das iniciativas que comentamos entre nós sería a de crear distintos recantos temáticos: de galego, de linguaxe de signos, de banda deseñada,... Tamén temos pensado realizar unha compra de libros no-vos, realizar exposicións temáticas e seguir dinamizando a biblioteca para facela cada día máis acolledora e máis atractiva para o noso alumnado

Moitas grazas a María, Ana e Ventura, animándoas e ani-mándoo a seguir traballando con este ánimo.

“SENLEIRAS” e ANTÍA YÁÑEZ no Club de Lectura

Equipo de Dinamización
de Biblioteca.
Club de Lectura.



“Unha influencer sobe unha foto ás redes sociais onde aparece unha man fantasma. Xusto unha semana máis tarde, a moza é atopada morta”. Así comeza *Senlleiras*, de Antía Yáñez. Recorda, en certo modo, o comezo de “Crónica dunha morte anunciada” que, tal vez, inspirase á autora. **O libro, especialmente no inicio e no desenlace, mestura o extraordinario dentro do cotiá. Porén, non perde a conexión coa realidade e vai intercalando a labor de documentación con dúas historias que se entrecruzan podendo ver conexións, case, máxicas.**

Con este punto de partida, xunto coas entrevistas, as críticas e o aval de ser unha novela galardoada co Premio Illa Nova convocado pola Editorial Galaxia, fixo que nós como Equipo de Coordinación de Biblioteca, contásemos con datos de abondo para que fose unha das nosas propostas de lectura. En Xaneiro, decidimos, nunha pequena reunión, que *Senlleiras* sería o libro elixido para compartir experiencias. Todas e todos estivemos de acordo, case ao tempo. **Unha escritora, nova, da nosa querida Mariña, e, aínda por riba, cunha obra que abordaba de cheo o machismo e a violencia que leva asociada.**

Levabamos desde o comezo da segunda avaliación, pensando no encontro. Desta forma, coa visita de Antía, non só nos adentraríamos na narrativa galega actual, senón que, tamén, afrontaríamos o maltrato machista, como o que é, unha responsabilidade de toda a sociedade.

O reto non estaba na lectura, a novela, cunhas boas críticas e unha xenial acollida polo público; o desafío estaba na comprensión dunha temática máis aló da visión que, a día de hoxe, se presenta, a través dos medios, da violen-

cia machista. **Unha magnífica oportunidade para entrar na violencia desde unha perspectiva social e de recoñecemento** (como vemos nas figuras dos protagonistas masculinos, persoas cultas e con éxito, con apoio social e boa imaxe pública), **biolóxica** (baseada na preponderancia física que manifesta, en xeral, o maior volume e forza do sexo masculino) e **psicolóxica** (procedente dunha proceso de indefensión adquirida inoculado por a parella das protagonistas, pero tamén, e isto é fundamental, reforzada e respaldada por unha sociedade que segue transmitindo unha visión polarizada do ser humano).

Todas e todos nós temos unha responsabilidade innegable. **A nosa educación ten as raíces do machismo.** Pero, tendo en conta isto, todas e todos podemos e debemos loitar pola igualdade de oportunidades, que non é máis que a definición do feminismo. Ser conscientes da nosa inclinación, da nosa pegada, permitíranos rachar coas inercias nas que estamos inmersas.

Nunha das entrevistas á autora, ela afirma: *“Eu non quería amosar o lado bo dun maltratador, que de seguro algunha cousa faría boa na vida -seguro que Hitler tamén-”*. O que buscaba, Antía, era concienciar, remover... conectar. Por iso, estabamos desexando compartir con ela os por-qué dos personaxes, a súa idiosincrasia, a súa psique...

Así que, por fin, chegou o día agardado. Antía Yáñez, autora de *Senlleiras*, acompañábanos no Club de Lectura do Porta da Auga. A cita non defraudou.

Unha muller clara e activa, con determinación. Describiu as escenas da novela, o proceso de documentación, e as ambientacións –reais– nas que se baseou. Vila Chorima, a praza de abastos da Coruña, o gran hotel, o edificio onde ambas protagonistas viviron cun século de diferenza. Antía describiu as localizacións con mestría, unindo ao ollo da escritora, o enfoque da enxeñeira que é de formación.

Pero tamén falamos de como foi o proceso da escrita. *“Eu non sabía de que ía a tratar a miña novela”* polo que se deixou levar e conseguiu que a “it girl” protagonista, epí-sodio do que partía, lle axudase a chegar ao misterio de partida. O entretido dunha sociedade patriarcal faise visible máis, a través das conexións, que do fío mesmo que conduce as dúas historias.

Se aínda non coñeces a Alda e a Alana, a Bernabé e a Bieito; nen os seu contrapuntos Xosé e André, ou Navia, a mellor amiga de Alda, entón, estás tardando en ler *Senlleiras*.

No terceiro trimestre compartiremos café e doces para charlar sobre unha das xoias da literatura brasileira “A miña planta de laranxa lima”. Encantaríanos que nos acompañases.

Actividades do equipo de dinamización da lingua galega



Anxo Martíns Pérez
Coordinador do EDLG

Durante este curso intentamos levar adiante todo tipo de actividades, partindo sempre da nosa disposición a colaborar nas iniciativas que no centro foron aparecendo.

Un ano máis o 31 de outubro organizamos, en colaboración do Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade, a **celebración do Samain e do Magosto**. Houbo castañas asadas, xogos populares, actuacións no salón de actos e convivencia entre alumnado e profesorado. Tamén distribuímos un *Sabías que...* explicativo da festa do Samain.



Antes de finalizar o ano pasado, sacamos o noso **calendario de peto** co lema *Formándonos de setembro a xuño ... e esixindo futuro sempre*, su-mándonos ao que pensamos recolle o sentir de gran parte da nosa xuventude. Nesas mesmas datas distribuímos tamén un *Sabías que...* explicando a figura do **Apalpador**.

O 16 de febreiro puidemos ofrecer en colaboración coa Agrupación Cultural Francisco Lanza a visita, a prezos reducidos para estudantes, a Santiago de Compostela para ver o cadro "**A derradeira lección do mestre**" de **Castelao e o Pórtico da Gloria** despois da súa reapertura.

Na segunda parte do mes de febreiro celebramos o **Día de Rosalía de**

VIAXA CONNOSCO VER

"**A derradeira lección do mestre**"
de Castelao e o
"**Pórtico da Gloria**" restaurado



SÁBADO 16 DE FEBREIRO

Saída da estación de autobuses ás 8:00 h.

Estudantes: prezo superespecial!
Interesad@s chamar para reserva de entradas ao 629 47 52 99

EN COLABORACIÓN COA AGRUPACIÓN CULTURAL FRANCISCO LANZA



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Castro en colaboración co Equipo de Dinamización da Biblioteca, con decoración do centro con poemas da autora, difusión dun *Sabías que...* sobre a persoa e obra desta muller feminista e pioneira en tantos aspectos no seu tempo, e participación nun Scape Room ou **Escapa como poidas**, **distribución de marca páxinas, ...**

ANTONIO FRAGUAS
17 DE MAIO:
DÍA DAS LETRAS GALEGAS

Sabías que ... (nº 10)

... cada 17 de maio se celebra o Día das Letras Galegas para homenaxear a un escritor/a pola súa creación en galego?
... que numerosas asociacións fan da data un día de reivindicación a favor do idioma e da cultura galegos?
... que nese día de 1863 se publicou *Cantares gallegos* de Rosalía de Castro, marcando o inicio do Rexurdimento cultural do galego?
... que este ano está dedicado a Antón Fraguas, autor prolífico que centrou a súa prosa en diferentes campos como a xeografía, a historia, a arqueoloxía, a biografía ou a etnoografía?
... que Antón Fraguas foi membro das Irmandades da Fala, do Seminario de Estudos Galegos, do Partido Galeguista e profesor de instituto separado do ensino polo franquismo ata que en 1950 volveu gañar unha praza de catedrático de instituto?
... que foi membro da Real Academia Galega e participou na creación do Museo do Pobo Galego do que foi o 1º director?



Equipos de Dinamización da Lingua Galega

Na semana anterior a celebración do Entroido colaboramos con esta festa popular distribuímos un *Sabías que...* dedicado a ela. Tamén o fixemos buscando a concienciación arredor da celebración do **Día da Muller** en días previos ao 8 de marzo.

No terceiro trimestre puxemos a andar o **Libro Viaxeiro**, un volume de elaboración colectiva que vai circulando polas distintas clases e onde cada curso vai continuando achegando a súa parte a unha historia que recibiu doutra clase pola que pasou antes.

Estamos moi satisfeitos de poder colaborar co Equipo de Dinamización da Biblioteca, en actividades como a do Clube de Lectura ou a celebración do arredor do **17 de maio do Día das Letras Galegas**, con motivo da cal editamos un *Sabías que...* dedicado a **Antón Fraguas**, o persoeiro a quen se lle dedicou este ano.

Ofrecemos **colaboración ao profesorado do centro para a elaboración de materiais en galego**, e estamos

OFRECEMENTO

O Equipo de Dinamización da Lingua Galega ofrécese a colaborar co profesorado na **elaboración de materiais en galego.**

Equipos de Dinamización da Lingua Galega

satisfeitos de poder ter respondido po-sitivamente a algunha demanda nese sentido.

LIBRO VIAXEIRO DO PORTA:

Que é?

- A nosa obra colectiva, que iremos facendo entre todas/os, por cursos,
- na que poderemos comezar/continuar unha historia ...
- ... elou botarnos por libre cun relato, poema, debuxo.

Ides colaborar, non **Si** ?

En breve pasará pola vosa clase!

(en galego E TAMÉN, gustosos, en galego de Asturias/León)



Estamos colaborando tamén co Departamento de Servizos Socioculturais e á Comunidade na elaboración de carteis con **ilustracións e denominacións en galego de utensilios a utilizar na atención a persoas en situación de dependencia**.

Finalmente o resultado máis importante quizá sexa **esta revista que tes nas túas mans, froito do traballo de moitas persoas ás que agradecemos a súa colaboración**, xa que sen o seu esforzo a saída dun exemplar máis da Revista do Porta non sería posíbel.

Queremos agradecer a súa colaboración ás moitas persoas que participaron en algunha destas actividades. O seu ánimo e axuda son fundamentais para continuar e corrixir no futuro as carencias e eivas que sen dúbida houbo.



SOPA DE LETRAS



- ACHEGAR
- AMEIXA
- DOAR
- ESPANTAR
- ESTRADA
- FILLOAS
- FORTE
- FRACO
- LEITE
- MEXERICAR
- MOLLO
- OLLOMOL
- PAU
- PEIXE
- SAIA
- TIXELA
- TRAPALLEIRO


Aprobache polos pelos



or by the skin of your teeth?

Emparella as expresións co seu equivalente en inglés:

- a. Se chove, que chova! ____
- b. Máis sabe o demo por vello que por demo. ____
- c. Se en marzo canta a ra, en maio xa calará. ____
- d. Agora xa está, Marica non chores. ____
- e. Non hai atallo sen traballo. ____
- f. Nunca choveu que non escampase ____.
- g. Moito peixe rompe a rede ____
- h. Non te afogues nun vaso de auga. ____
- i. A cabra sempre tira ao monte. ____
- j. Déronme gato por lebre. ____
- k. Ao chou ____
- l. A todo porco lle chega o seu san Martiño. ____



- 1. No pain, no gain.
- 2. A leopard never changes its spots
- 3. It's no use crying over spilt milk.
- 4. Every cloud has its silver lining.
- 5. A new broom sweeps clean, but the old one knows the corners.
- 6. I bought a pig in a poke.
- 7. Every dog has its day.
- 8. When March comes in like a lion, it goes out like a lamb.
- 9. Don't make a storm in a teapot.
- 10. If it rains, let it pour!
- 11. Don't bite more than you can chew.
- 12. Willy-nilly





(a-10 / b-5 / c-8 / d-3 / e-1 / f-4 / g-11 / h-9 / i-2 / j-6 / k-12 / l-7)

O RECUNCHO DA ARTE





 XUNTA DE GALICIA
CONSELLERÍA DE EDUCACIÓN,
UNIVERSIDADE E FORMACIÓN PROFESIONAL

 Equipos de
Dinamización
da Língua Galega



UNIÓN EUROPEA
FONDO SOCIAL EUROPEO
"O FGF axerá ao I+D+i"

 CIFP
Centros
Integrados
de Formación Profesional

Concello de
Ribadeo 

CIFP PORTA DA AUGA
Av. de Luarca s/n, 27700 RIBADEO
Tlf. 982 128 894. Fax 982 130 955
cifp.portadaauga@edu.xunta.es
centros.edu.xunta.es/cifpportadaauga/

